



## CARTA DE INTENCIÓNS

A SECRETARÍA DE AGRICULTURA, PECUÁRIA E AGRONEGÓCIO DO ESTADO DO RÍO GRANDE DO SUL, aquí representada polo Secretario de Estado, Luiz Fernando Mainardi, de agora en diante denominada SEAPA/RS, o Consello de Desenvolvemento do Vale do Taquari, dende agora en diante denominado Codevat, aquí representado, por designación do seu Presidente, Sr. Ney José Lazzari, polo *Presidente da Cámara da Indústria, Comércio e Servizos do Vale do Taquari*, Oreno Ardêmio Heineck, e A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA representada pola súa titular, Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo,

CONSIDERANDO a importancia de establecer estratexias comúns para o desenvolvemento do sector rural, en especial para a cadea produtiva do leite e, nesta, con realce para os aspectos da sanidade bovina e da súa organización, como instrumento de desenvolvemento e de inclusión social do produtor rural;

CONSIDERANDO a importancia social e económica da produción leiteira do Estado do Río Grande do Sul, principalmente na pequena propiedade rural, producindo efectos positivos tamén noutros segmentos económicos;

CONSIDERANDO a necesidade de crecemento na produción da materia prima do leite no Río Grande do Sul, diante do expresivo aumento na capacidade instalada no seu parque industrial nos últimos anos denotando poder, o Estado tórnase nun eixe de produción de lácteos para os mercados nacional e internacional, comprobando o potencial de expansión da produción do leite, dende que se constituía nun grupo *clúster* e organizado;



CONSIDERANDO que a cadea produtiva do leite pode constituír un importante factor de desenvolvemento rexional e de distribución da renda, por medio da mellora do desempeño da produción leiteira e da súa reestruturación e organización no Estado do Río Grande do Sul;

CONSIDERANDO a importancia e a tradición da Comunidade Autónoma de Galicia, na produción de leite, cunha cadea produtiva organizada, técnica e profesional, ostentando patróns de sanidade, calidade, produción e produtividade comparables aos mellores niveis mundiais;

CONSIDERANDO que a produción de leite de Galicia poderá servir de modelo e de indutor de cambios noutras rexións, baseada nun modelo de cualificación e de organización implantado a partir de fins da década de 1980, nun traballo conxunto entre o Estado e a iniciativa privada, con foco no produtor rural e na súa permanencia no medio rural;

CONSIDERANDO os contactos realizados entre o Vale do Taquari, no Estado do Río Grande do Sul, e na Comunidade Autónoma de Galicia, a partir de 2005, identificando puntos en común nas características básicas das súas producións leiteiras e similitudes xeográficas e estruturais entre as dúas rexións;

CONSIDERANDO a sinatura do Convenio de Cooperación, en 2007, entre o Consello de Desenvolvemento do Vale do Taquari - CODEVAT, Galicia e a GMG Importación e Exportación Ltda, de São Paulo (SP) -procurando reestruturar, organizar, profesionalizar e cualificar a cadea produtiva do leite na Rexión, por medio do desenvolvemento de puntos establecidos en común e da migración de *know how*, de procesos e de produtos de Galicia para o Vale do Taquari;

Ron Putana

galicia





CONSIDERANDO que o referido Convenio ven producindo resultados concretos, corroborados por comitiva multidisciplinar liderada polo Vale do Taquari, que estivo en Galicia en marzo de 2010, resultando a “CARTA DE GALICIA” emitida en Lugo (Galicia) e Anta Gorda (RS);

CONSIDERANDO que o desenvolvemento dos Estados contribuíu para o perfeccionamento das prácticas e técnicas comúns e para o intercambio tamén noutras áreas do sector primario;

CONSIDERANDO a Carta de Intencións entre o Estado do Río Grande do Sul e a Comunidade Autónoma de Galicia, elaborada no ano 2001, para promover unha ampla cooperación e o intercambio nos dominios da economía, comercio, ciencia, tecnoloxía, cultura, artes, saúde e deportes, a prol do desenvolvemento e da prosperidade das dúas Rexións.

Resolven levar a cabo a presente Carta de Intencións, mediante os seguintes termos:

1- A presente Carta de Intencións ten por obxecto a conxugación de esforzos entre as dúas rexións, co fin de posibilitar o establecemento das seguintes accións:

a) Desenvolvemento de estratexias en busca do perfeccionamento e da modernización das técnicas agropecuarias, enfocadas principalmente na cualificación e na organización da cadea produtiva do leite;

b) Intercambio de informacións relativas ás materias correspondentes, para o desenvolvemento e a realización de accións conxuntas;



- c) Establecemento das condicións básicas para o debate de accións concretas, mirando, dentro do foco da cadea do leite, a migración de coñecementos, a organización de procesos e a cualificación de produtos da Comunidade Autónoma de Galicia para o Estado Río Grande do Sul, para efectuar propostas, primordialmente, nos seguintes temas:

1. Sanidade bovina: coñecer a experiencia de Galicia no saneamento do seu rabaño bovino en canto á tuberculose, á brucelose e outras, tendo en conta a aplicación no “*Programa Estadual de Controle e Erradicação da Tuberculose e Brucelose Bovídea – Procetube*”, que busca o control sanitario coa certificación sanitaria oficial das propiedades rurais, con base no Programa Nacional do *Ministerio da Agricultura, Pecuária e Abastecemento do Brasil- Mapa*;

2. Xenética: establecer estudos conxuntos para a elaboración dun convenio entre o Estado do Río Grande do Sul e as contrapartes da presente, tendo como fin:

- O acceso ás tecnoloxías e aos procesos de traballo que permitan socializar e democratizar a práctica do control leiteiro das vacas, como un dos fundamentos de evolución xenética e de produtividade das mesmas;

- A transferencia de seme e embrións de raza holandesa coa finalidade de acelerar o desenvolvemento e a produtividade leiteira nas propiedades aptas, no Estado do Río Grande do Sul;

- A migración de *know how* para o Estado do Río Grande do Sul, que faga viable a gradual implantación xenética conxunta, con patróns internacionais, comprendendo a central de produción de seme, transferencia de embrións e as tecnoloxías correspondentes;

galicia





- A implantación de programas de aparelamento das vacas, co fin de cualificar o rabaño, promovendo a elevación dos índices de produtividade;
- A capacitación de técnicos públicos e privados do Estado do Río Grande do Sul.

### 3. Manexo:

- Posibilidades de acceso a novas metodoloxías de produción que traian maior confort animal e maior produtividade e racionalización do traballo aos produtores rurais;
- Acceso a modelos de organización e desenvolvemento das propiedades rurais que sistematicen os sistemas de produción do leite;
- Acceso a modelos de asistencia técnica en todas as fases da produción.

4. Selos de calidade dos produtos, de indicación de procedencia e de denominación de orixe: desenvolvemento de intercambio co "Instituto Galicia Calidade" e outros similares para a implantación, posta a punto e xeneralización do uso deste importante mecanismo de valor engadido aos produtos finais;

5. Centro Tecnolóxico de Alimentos: coñecemento das políticas de desenvolvemento de produtos lácteos e de capacitación dos integrantes dos diversos eixos da cadea produtiva;

6. Estrutura laboratorial de apoio e desenvolvemento á produción agropecuaria;

*Ron Futura*

*galicia*



7. Sistemas de funcionamento, de organización, de rastreabilidade e de actuación da propiedade rural Galega;

8. Outras áreas ligadas ao sector primario, procurando a detección de posibilidades de intercambio entre os dous Estados.

Esta Carta de Intencións non xera obrigas entre os partícipes.

Santiago de Compostela - Galicia/España, 26 de xaneiro de 2012.

Secretario de Estado da  
Agricultura, Pecuária e  
Agronegocio

Presidente da Cámara de  
Industria, Comercio e Servicos  
do Vale do Taquari

LUIZ FERNANDO MAINARDI

ORENO ARDÊMIO HEINECK

Conselleira do Medio Rural  
e do Mar



ROSA M<sup>a</sup> QUINTANA CARBALLO